

## NOTA DE PRENSA

# Profesionais do Colexio de Psicoloxía de Galicia revisan a comunicación de malas novas en emerxencias e catástrofes

---

*Santiago de Compostela, 20 de maio de 2016.*- O vindeiro sábado día 21 de maio, o Grupo de intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE) do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia organiza unha xornada de formación interna baixo o epígrafe "Repensando sobre a comunicación de malas novas" que se desenvolverá ao longo do día na súa sede de Santiago de Compostela.

O obxectivo desta actividade formativa é facer una revisión das intervencións dos últimos tres anos nas que se tivo que trasladar información delicada ás familias coas que intervimos. Estas intervencións clasifícanse en cinco grandes bloques: o asesoramento telefónico para comunicar una mala noticia, a comunicación de malas novas a menores, a comunicación en casos de suicidios, a comunicación en persoas con discapacidade cognitiva e a comunicación no accidente de tren Alvia.

Tomando como punto de partida as exposicións de casos reais avalíaranse cales son os factores que facilitan e cales os que dificultan o traballo dos psicólogos de emerxencias en situacións tan complicadas e delicadas como son as transmisións de malas novas aos seres queridos dunha vítima.

## O GIPCE

O GIPCE é un grupo de psicólogos e psicólogas colexiadas e cunha especialización na atención psicolóxica en situacións de emerxencia e catástrofes coa que procuran minimizar o impacto nas persoas afectadas, restaurar as súas capacidades e recursos para que poidan resolver o máis eficazmente a situación de estrés e prever posibles problemas psicolóxicos posteriores. Tamén asesoran a dirección da emerxencia sobre o impacto psicolóxico das súas actuacións nos colectivos afectados, e realizan unha tarefa de autocoidado do grupo, intervindo para diminuír o nivel de estrés dos intervenientes tras realizar unha intervención.

O GIPCE intervén durante o tempo que dura a situación crítica, en contextos como accidentes, inundacións, naufraxios, desaparicións, secuestros, situacións de violencia, etc., nas que haxa persoas afectadas que precisen de atención psicolóxica, e sempre e cando as persoas afectadas acepten a súa participación. Pertence ao Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, e desde o ano 1997 conta cun convenio coa Xunta de Galicia.

**Saúdos,**

Se desexas ampliar a información ou para solicitar entrevistas, contacta co departamento de comunicación do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia:

Eliana Martíns

981 534 049 / 699 908 968

[comunicacion@copgalicia.gal](mailto:comunicacion@copgalicia.gal)